MIÑOTOS

Comunidade titular: Parroquia de San Pedro de Miñotos (Ourol)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 1459 ha
N.º de comuneiras/os: 23 (4 mulleres, 19 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 0 (de 5)

Queirogal húmido na zona dos Calexós [L. Lagos]

Besteiros xuntando os cabalos na Penadauga para a rapa [L. Lagos]

CONTEXTO

Situación

O monte de Miñotos está situado no extremo oriental do concello de Ourol e ocupa unha destacada posición no noroeste da Serra do Xistral, abranguendo altitudes entre os 600 e os 935 metros (Pao de Lamoso). Está conformado polas ladeiras e regos que descenden cara ao oeste desde a corda da Serra do Xistral, estando atravesado polo río de Besteburiz, tributario do Landro. O monte está definido ao norte polo río de Sinás e ao sur pola divisoria conformada polo Coto da Covela, o Marco de Pedra Chantada e o Alto da Gallega.

Síntese histórica

Miñotos foi un punto estratéxico desde a Antigüidade, atravesando a parroquia a vía romana que unía a Cidadela de Sobrado dos Monxes coa costa lucense. Testemuño deste tempo son as lápidas dedicadas aos Lares Viales achadas ao pé do camiño real en Casas Vellas. Na Idade Media continuou sendo lugar de paso para peregrinos, como revela a vieira coa inscrición "É de refuxio" que aínda se conserva na igrexa parroquial, e a súa feira anual do 4 de agosto mantívose até o século XX.

A referencia documental máis antiga a Miñotos é unha sentenza de Afonso VII do ano 1124 relativa á disputa polo dominio deste territorio entre o Bispo de Mondoñedo e o Conde Rodrigo Vélaz, que confirma a xurisdición de realengo que encabezaba Viveiro. As relacións da veciñanza cos rexedores da vila en relación aos usos do monte non son pacíficas, como ilustran os preitos de 1558 (sobre a Devesa de Souto de Chán de Rial e Nespereiras) e 1581 ou a demanda ante a Real Audiencia de 1810 polo aproveitamento dos "montes comúns". Aínda que o monte xa consta incluído na clasificación xeral de montes públicos de 1859, non se ve afectado polas repoboacións forestais. A veciñanza recupera a propiedade mediante acordo de clasificación de 1979.

Uz das brañas (*Erica mackayana*) [L. Lagos]

Lagarta das brañas (*Zootoca vivipara*) [Sharp]

Voitre eurasiático (*Gyps fulvus*) [A. Laborda]

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Laura Lagos
César Agustín Blanco
Rafael Alfonso Laborda
José Ángel Penín
Joám Evans Pim
Emilio Rafael Díaz-Varela
Ramón Alberto Díaz-Varela
Jaime Fagúndez



Bestas e vacas pacendo xuntas nun queirogal. Ao fondo, o Lombo Estreito e o Pao de Lamoso [L. Lagos]

VALORES DE CONSERVACIÓN

Gran parte da superficie do monte de Miñotos atópase comprendida na ZEC Serra do Xistral e a súa totalidade forma parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Dentro do territorio da comunidade hai por volta de 560 ha de hábitats de interese comunitario prioritarios segundo a Directiva Hábitats. Nas partes máis altas dominan as turbeiras de cobertor (7130*) que ocupan unha superficie de 152 ha e forman parte do maior complexo de turbeiras de cobertor da península ibérica. Nas partes máis baixas existe unha extensa representación de queirogais húmidos atlánticos (4020*) con 119 ha que destacan polo seu bo estado de conservación. Salpicados entre tubeiras de cobertor e queirogais e agochados en pequenas depresións eríxense as turbeiras altas activas (7110*) cunhas 11 ha. Os queirogais húmidos están dominados por *Erica mackayana*, unha queiroga endémica presente unicamente no norte da península ibérica e oeste de Irlanda. Ademais aparecen especies de interese, por estar sufrindo unha regresión en toda a Europa atlántica, como poden ser *Gentiana pneumonanthe*, *Cuscuta epithymum* ou *Serratula tinctoria*. Nas turbeiras altas atopamos unha flora moi especializada en ambientes higrófilos e con escasos nutrientes como son as plantas carnívoras *Drosera rotundifolia* e *Drosera intermedia*, e especies de interese como *Carex durieui*, endémica da península ibérica, ou o musgo de turbeira *Sphagnum pylaesii*, que é unha especie de interese prioritario segundo a Directiva Hábitats e figura no LESPRE. Por outra banda, a fraga de Besteburiz é unha representación dunha carballeira ben conservada na que tamén abundan acivros e bidueiros.

Neste mosaico de turbeiras e queirogais, xunto coa fraga ocupando o fondo do val do río de Besteburiz, están presentes diversas especies de fauna de interese e con diversos graos de protección. Entre os anfibios destaca a *Rana parvipalmata*, moi abundante nestes humidais; e entre os réptiles están presentes especies como a lagarta das brañas (*Zootoca vivipara*), con presenza en Galiza practicamente restrinxida a esta zona das Serras Setentrionais e Ancares, e a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*). Ademais da presenza de lobo (*Canis lupus signatus)*, destacan outros carnívoros como a martaraña (*Martes martes)* e o gato montés (*Felis silvestris)*. Entre as aves sinalamos a presenza constante do voitre eurasiático (*Gyps fulvus*), ás veces acompañado dalgún voitre negro (*Aegypius monachus*), e moi asociados ao sistema depredador-presa entre o lobo e os cabalos salvaxes. Obsérvanse regularmente especies como a cobreira europea (*Circaetus gallicus*) e o abelleiro europeo (*Pernis apivorus*). O lagarteiro eurasiático (*Falco tinnunculus*) ou a pica alpina (*Anthus spinoletta*) son frecuentes nestas zonas de montaña.

Miñotos destaca o mantemento do sistema tradicional de cabalos salvaxes (bestas) nun contexto de redución considerábel en toda a Serra do Xistral desde os 10 000

cabalos presentes hai 50 anos aos 2500 estimados na actualidade.

En canto a patrimonio arqueolóxico, destaca a necrópole megalítica de Chao das Sinás, incluíndo a Arca de Sinás ou Penido Vello, balizada por 11 estacións rupestres.

Arca de Sinás [A. Laborda]

Fraga de Besteburiz

BOAS PRÁCTICAS

Proxecto de ordenación con criterios de conservación

O proxecto de ordenación forestal do MVMC de Miñotos redactouse no marco do proxecto LIFE in Common Land. O proxecto incorpora un "Modelo de Xestión Baseado en Resultados de Conservación" que establece o obxectivo de integrar os usos existentes no monte (principalmente gandeiros) coa conservación dos hábitats prioritarios. O modelo parte dunha cartografía dos hábitats da ZEC e dunha avaliación do seu estado de conservación, ambos xerados no proxecto LIFE in Common Land. O modelo describe os diferentes estados de conservación, proporciona indicadores que definen a calidade de hábitat e propón recomendacións para manter o estado favorábel dos hábitats e reverter estados desfavorábeis.

A superficie de hábitats prioritarios inclúese nun cuartel protector cuxo obxectivo principal é a conservación, compatíbel co uso gandeiro. A este cuartel aplícaselle un modelo silvícola específico de conservación de grandes superficies de queirogais húmidos atlánticos (4020*) con *Erica mackayana* e os seus mosaicos con hábitats de turbeira (7110* e 7130*), que reflicte as recomendacións de xestión. A creación deste modelo silvícola para a conservación de hábitats é a principal innovación do proxecto de ordenación, tendo como elemento singular que non se aplica a masas arboradas, senón a queirogais e turbeiras, cando até ese momento os modelos foran definidos xeralmente para masas arboradas e usos produtivos.

A adopción deste modelo pola comunidade no marco do proxecto LIFE in Common Land fixo posíbel que optase aos pagamentos por resultados de conservación, neste caso en base ás 282 ha de hábitats de interese comunitario prioritarios situados en Rede Natura. Desa superficie, o 81 % atopábase nun estado de conservación favorábel, polo que recibiu o pagamento máximo.

Manexo tradicional dos cabalos salvaxes

A veciñanza comuneira mantén o manexo tradicional dos cabalos salvaxes nunhas densidades óptimas e de xeito libre durante todo o ano, conseguindo o control do toxo e uns queirogais ben conservados. De forma complementaria aplican rozas e queimas en zonas puntuais para manter o pasto no queirogal, que tamén é aproveitado pola cabana de vacún dos comuneiros. Na actualidade, varias familias manteñen unha poboación de 150-200 cabalos. Aínda que a propiedade dos animais non é da comunidade, esta recuperou a celebración da rapa das bestas que, mesmo que con grande tradición na parroquia (destacando a de Besteburiz) caera en abandono. Desde hai unha década a rapa celébrase en Madriñán, sendo importante tanto para o manexo tradicional como para manter a ligazón entre a veciñanza con estes animais e os hábitats que manteñen. Actualmente, o alto nivel de depredación polo lobo é percibido como unha ameaza para a continuidade desta forma de manexo.



Besta nas turbeiras de cobertor do Chao do Curro [L. Lagos]

Modelos silvícolas compatíbeis coa conservación

Os modelos silvícolas son pautas de xestión e aproveitamento dos montes que se definen en base ás especies predominantes e aos obxectivos, entre os que a preservación e restauración dos ecosistemas pode ser o principal. Estes modelos, definidos na lexislación específica, atérranse na realidade de cada monte a través dos proxectos de ordenación e plans de xestión. Os modelos máis coherentes con obxectivos de conservación inclúen os deseñados para formacións de frondosas autóctonas, os modelos de xestión con silvicultura próxima á natureza (que favorecen estruturas de bosque irregulares, diversidade de hábitats e a rexeneración natural), os modelos de bosques de ribeira e zonas húmidas (que procuran protexer os sistemas fluviais) e os modelos de agroforestaría e bosques mosaico (que procuran combinar pasteiros, masas forestais e cultivos). Estes modelos son recoñecidos na propia normativa como os de maior resiliencia.

O manexo tradicional con bestas representa un modelo diferenciado [L. Lagos]

Rapa das crins no Curro de Madriñán [L. Lagos]

FONTES E RECURSOS

- Blanco Arias, C. A. at al. (2019). *Modelo de Xestion Baseado en Resultados de Conservacion*. Proxecto LIFE IN COMMON LAND (LIFE16 NAT/ES/000707). Dispoñíbel en: https://www.lifeincommonland.eu/uploads/files/20201211_ModeloXestion_LIFE_ICL_esp.pdf
- Canastra, F. et al. (2023). *Informe de caracterización de actividades ganaderas de las áreas del ámbito RURALtXA!. GALICIA*. Proxecto RURALtXA!. Dispoñíbel en: https://ruraltxa.com/informe-caracterizacion-actividades-ganaderas/
- Lagos, L. et al. (2019). "Manejo, problemática y oportunidades de los caballos salvajes de Galicia como herramienta de conservación de hábitats prioritarios en la Red Natura 2000," *Galemys*, 31: 35-45. Dispoñíbel en: https://doi.org/10.7325/Galemys.2019.A4
- LIFE in Common Land (2020). "Proyectos de ordenación forestal y gestión de hábitats de interés comunitario," *Boletín LIFE in Common Land*, 6. Dispoñíbel en: https://lifeincommonland.eu/uploads/files/Boletin_06.pdf
- Rodríguez Guitián, M.; Ramil-Rego, P.; Real Rodríguez, C.; Díaz Varela, R. A.; Ferreiro da Costa, J. e Cillero, C. 2009. *Caracterización vegetacional de los complejos de turberas de cobertor activas del SW europeo*. In: Félix Llamas García & Carmen Aedo (Coord.). Botánica pirenaico-cantábrica en el siglo XXI. León: Universidade de León. Pp: 633-654.

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.